



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-1

ASUNTO: MEMBROS DE XURADO PARA 25ª EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA CONCELLO DE CARRAL

Carlos Lorenzo Pérez, técnico municipal de Cultura do Concello de Carral

INFORMA

1. Que as bases da 25ª edición do Concurso de Poesía Concello de Carral establece no seu punto 8º todo o referido á constitución di xurado:

O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del catro persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso. Actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións.

2. Que o alcalde, por Decreto asinado o 6 de maio de 2022, nomeou o xurado do 25º Concurso de Poesía Concello de Carral, sendo o seguinte:

- Presidente, por delegación do alcalde: Francisco Bello Hermida, concelleiro de Cultura
- Secretario: Carlos Lorenzo Pérez, técnico de Cultura
- Vogais:
 - o Alejandro Mene Pazos (Álex Mene): gañador da 24ª edición do certame Concello de Carral.
 - o María Teresa Seara Domínguez: profesora e investigadora literaria.
 - o Inma Otero Varela: profesora e crítica literaria.
 - o Luciano Rodríguez Gómez: profesor e investigador literario.
 - o Miguel Anxo Fernán Vello: escritor e editor.

E para que conste a todos os efectos, asíñase o presente informe en Carral na data que figura na sinatura electrónica.